

EXCURSIÓN: GALICIA LENDAS

-Ourense-Allariz –Domingo 9 de marzo

• Ourense



Ourense ofrece ao visitante a posibilidade de facer a pé un primeiro achegamento ás súas riquezas. Partindo das Burgas, orixe primixenia da cidade, e adentrándose no seu Casco Vello, en apenas 1 Km. de percorrido poderá coñecer a súa historia e patrimonio (Ponte romana,Catedral,prazas...).Ao rematar a visita guiada poderán disfrutar de tempo libre.

Xantar concertado no restaurante “A Adegas do Tito” (Ourense)

Menú: Sopa de peixe, lacón, tarta san marcos, pan, auga, viño

• Allariz



Esta vila compón un dos conxuntos urbanos máis interesantes de Galicia, a cal mereceu, en 1971, a declaración de Conxunto Histórico Artístico. O paseo pola vila e as paisaxes asombrosas do río Arnoia mergúllante nun espazo cunha fonda personalidade. Allariz é historia, é tradición, é modernidade e futuro; en resumo, Allariz aseméllase ao seu casco histórico, é harmonía. A monumentalidade de Allariz responde á importancia da súa historia. O seu casco histórico ofrece un bo estado de conservación, grazas ao esforzo rehabilitador dos últimos anos, traballo recompensado co Premio Europeo de Urbanismo en 1994.

• Museo do xoguete



Está situado en pleno casco histórico de Allariz, no Centro Social Pazo de Antigo Xuzgado.Foi inaugurado no ano 1995 e se foi enriquecendo coas aportacións de visitantes e veciños. Ten a finalidade de recoller todo o significado dos xoguetes e xogos de todos os tempos.

• Mosteiro de Sta Clara



Este mosteiro foi fundado en 1268 pola raiña Violante (esposa de Alfonso X “El Sabio”).Posúe o claustro barroco máis grande de España. O mosteiro conta cun Museo de arte sacro e unha casa de espiritualidade para retiros. As monxas clarisas traballan no obrador artesá de doces.

Prezo: 22€

(transporte+ seguro+guía+ xantar+ entradas)

PROXIMAS EXCURSIÓNS:

- “Neve en familia” (San Isidro) – Sábado 15,16 marzo (Inscripcións dende o xoves 20 de febreiro as 17h)
- “Galicia en pedra” (Nigrán,Baiona,Gondomar) – Domingo 6 de abril (Inscripcións dende o martes 18 de marzo as 17h)